

ANEXO



Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Resolución do 31 de decembro de 1988 pola que se resolve a entrada en funcionamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

En virtude do establecido na disposición derradeira primeira do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, que desenvolve a Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e aprobados os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1989, nos que se conteñen as dotacións do Instituto; e adscrito provisionalmente ó mesmo, por Resolución desta data, o persoal necesario en virtude do disposto na transitoria da referida Lei 3/1988, do 27 de abril, resolve a entrada en funcionamento do devandito organismo autónomo con data do un de xaneiro de mil novecentos oitenta e nove.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 1988.

Antolín Sánchez Presedo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras
Públicas

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Resolución do 29 de novembro de 1988, da Dirección Xeral de Política Lingüística, pola que se autoriza o funcionamento dos seminarios interdisciplinares de Lingua Galega nos centros de ensino da Comunidade Autónoma, segundo o determinado pola Orde do 1 de agosto de 1988 (D.O.G. n.º 178, do 15 de setembro).

Vistas as solicitudes presentadas na Dirección Xeral de Política Lingüística por diversos centros docentes da Comunidade Autónoma galega, ó abeiro da Orde do 1 de agosto de 1988, pola que se regula a constitución de seminarios permanentes interdisciplinares de Lingua Galega nos centros de ensino da Comunidade Autónoma,

Esta Dirección Xeral resolveu:

Autoriza-lo funcionamento dos seminarios que figuran no anexo a esta Resolución, fixando unha contía inicial de axuda ós mesmos de 50.000 pesetas a cada un, con cargo ós presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de